

Bioloxía e xeoloxía

# Solucións baseadas na natureza para contornas urbanas

*Laboratorio de cubertas*

Laboratorio virtual que permite experimentar con diferentes tipos de cubertas de edificios para comprobar a súa impermeabilidade e sacar conclusións sobre a utilidade de cada unha delas na prevención de desastres naturais como as inundacións. O laboratorio baséase nunha investigación real que se está levando a cabo na UDC e nun proxecto de STEMBach da UDC xunto co IES David Buján de Cambre.

**Características destacadas:**

- Laboratorio manipulativo e interactivo.
- Vídeos que permiten observar o volume de auga que acumula cada tipoloxía de cuberta en intervalos de cinco minutos con períodos de chuvia.
- Actividades guiadas de aplicación do método científico.

**Idioma do contido:** galego.**Obxectivos:**

- Coñecer volume que acumula cada cuberta nun intervalo de tempo específico con períodos de chuvia.
- Elaborar de forma guiada hipóteses

científicas.

- Extraer conclusións sobre a representación gráfica de datos experimentais.
- Valorar a importancia do método científico nunha investigación científica.

**Contidos:**

- Método científico.
- Aplicacións da ciencia na vida cotiá e na sociedade.
- O traballo no laboratorio.
- As solucións baseadas na natureza.
- Os sistemas urbanos de drenaxe sostible.
- As cubertas verdes e as cubertas tradicionais.

**Número de sesións estimadas:**

2-3 sesións, dedicando, como mínimo, unha para traballar a parte teórica e outra para experimentar no laboratorio de cubertas.